

O Concello de Riotorto convoca o

I CONCURSO ESCOLAR “OS FERREIROS DE RIOTORTO”

TEMA

O tema dos traballos a presentar para esta primeira edición será *“Os Ferreiros de Riotorto”*, as súas costumes, os medios de traballo (mazo, fraguas, moas), a importancia da auga, a súa obra e a utilidade da mesma para o campo e a industria.

IDENTIFICACIÓN

Os traballos presentaranse por escrito en formato DIN A-4 onde se poderán incluír textos, fotos, debuxos,... Asimesmo deberán ser presentados en formato dixital CD para a súa posterior publicación na web www.ferreirosderiotorto.com. Farase constar o título así coma o número de participantes en cada traballo, o seu curso escolar, o nome do centro onde cursan os estudos e o nome do mestre que os tutelou.

CATEGORÍA

A categoría será única para os alumnos do **3º ciclo de Educación Primaria** (5º e 6º curso).

GRUPOS DE TRABALLO

Os grupos de traballo terán un mínimo de 5 compoñentes dos cursos de 5º e/ou 6º de Educación Primaria e un máximo do número total de integrantes deses cursos.

PRESENTACIÓN e PRAZO

Os traballos poderán ser presentados no CONCELLO DE RIOTORTO, Praza das Rodrigas, nº1, 27744, Riotorto (telef. contacto 663 811 412), ou ben remitidas por correo ou calquera outro transporte indicando no sobre

“I CONCURSO ESCOLAR OS FERREIROS DE RIOTORTO”. O prazo de presentación remata o **18/03/09**.

PREMIOS E DEREITO DE EXHIBICIÓN

Premiaranse aqueles taballos que mellor reflectan as bases do concurso (contido e información recollida) ao mesmo tempo que se valorará a presentación, deseño, encadernación,... establecéndose os seguintes premios:

1º Premio..... Dotado en 300 € + Lote Artesanía do Ferro de Riotorto.

2º Premio..... Dotado en 200 € + Lote Artesanía do Ferro de Riotorto.

3º Premio..... Dotado en 100 € + Lote Artesanía do Ferro de Riotorto.

Ningún premio quedará deserto, pasando a ser propiedade do Concello de Riotorto ou entidade na que este delegue, os traballos premiados.

XURADO e ACTO PREMIACIÓN

O Concello de Riotorto designará un xurado para a calificación dos traballos presentados que emitirá o seu faio nun acto público o día **04/04/09** ao que serán invitados os concursantes premiados, sendo condición, para que lles sexa entregado o premio, a súa asistencia (polo menos da metade do grupo de traballo). Será por conta da organización o traslado en autobús dos concursantes gañadores a este acto que se acompañará dunha visita didáctica ao Mazo da Fraga con demostración dos ferreiros de Riotorto, un obradoiro de xoguetes tradicionais e un picnic.

DEVOLUCIÓNS

Os traballos non premiados poderán ser devoltos aos concursantes despois da súa solicitude ou retirando os orixinais personalmente nas oficinas do Concello entre o día 6 de abril e 4 de maio do 2009. Rematado este prazo os traballos pasarán a formar parte do patrimonio do Concello.